

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DO CURSO 2024/2025

Estimadas familias,

Comunicamos que está aberto o prazo de presentación de solicitudes de axuda para adquisición de libros de texto, material escolar e fondo de libros para o vindeiro curso 2024/2025. [**\(Orde do 7 de maio de 2024 DOG número 96\)**](#)

As solicitudes serán presentadas preferiblemente de forma telemática a través da aplicación [**FONDOLIBROS**](#), accedendo con CHAVE365 ou certificado dixital. Na seguinte ligazón tendes toda a información relativa ao procedemento: [**https://sede.xunta.gal/**](https://sede.xunta.gal/)

Opcionalmente, poderanse tramitar as solicitudes de xeito presencial na secretaría do centro **ata o día 21 de xuño en HORARIO de 12:30 a 14:00 horas.**

O impreso de solicitude está dispoñible en arquivo adxunto para descargar, na páxina web do colexio, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia e na secretaría do propio centro.

Poderase presentar solicitude para o alumnado que vaia a estar matriculado o vindeiro curso 2024/25 en Educación Primaria, ESO ou Educación Especial.

As familias con máis de un fillo/a matriculado/a no mesmo centro, presentarán unha única solicitude que agrupará a tódolos fillos que vaian a permanecer no centro durante o curso 2024/25.

DOCUMENTACIÓN que deberán aportar:

- **ANEXO I** (Solicitude cuberta e asinada polo solicitante, que será o titor/a legal dos/as alumnos/as).
- **ANEXO II** (Comprobación de datos e sinatura dos restantes membros da unidade familiar distintos do solicitante. **Deberán achegar tantos Anexos II como sexan necesarios para incluír a todos os membros computables da unidade familiar**).
- Fotocopia do **LIBRO DE FAMILIA**. Se non dispoñen de libro de familia ou carecen de DNI/NIE, excepcionalmente poderán acreditar a composición da unidade familiar mediante Certificado ou Volante de convivencia ou Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do Concello.
- Fotocopia da **sentenza xudicial ou convenio regulador no caso de separación ou divorcio**.

PRAZOS	
Presentación de solicitudes:	Do 21 de maio ata o 21 de xuño de 2024
Presentación de solicitudes para alumnado que repita 4º da ESO ou para aquel que non obteña praza na FP básica:	Un mes desde a formalización da matrícula.
Publicación de listaxes provisionais:	12 de xullo.
Reclamacións contra a listaxe provisional	Dous días hábiles seguintes á publicación.
Publicación de listaxes definitivas:	26 de xullo.
Reclamacións contra a listaxe definitiva	Un mes a partir do día seguinte á publicación.
Entrega dos vales ás familias:	Informarase da dispoñibilidade dos vales a través da plataforma Educamos.
Recollida dos libros do Fondo de Libros:	Entregaranse aos alumnos ao inicio do curso escolar en setembro.
Enmenda de erros detectados nos vales:	10 días hábiles desde que recibe o vale
Uso dos vales nas librarías e demais establecementos	Ata o 10 de abril de 2025